

A construción do espazo compostelán na poesía galega

María do Cebreiro Rábade Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2011 [2006]). “A construción do espazo compostelán na poesía galega”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 88-95. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1147>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2006). “A construción do espazo compostelán na poesía galega”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 88-95.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A construción do espazo compostelán na poesía galega

MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE VILLAR

Universidade de Santiago de Compostela

O propio é unha vitoria do lugar sobre o tempo.
Michel de Certeau

O obxectivo deste traballo é vincular a representación de Santiago de Compostela cos procesos de construción da identidade galega contemporánea, privilexiando as diferentes figuracións da cidade no ámbito da poesía. Ademais de analizar o papel da cidade en distintos poemarios, antoloxías, libros colectivos e coleccións, o artigo detense nas implicacións socioliterarias da inclusión dos textos e fragmentos poéticos en soportes como a tarxeta postal, os catálogos ou as guías de viaxe. En suma, este percorrido pola historia da literatura galega da segunda metade do século XX á luz das figuracións urbanas pretende poñer de relevo a importancia de Santiago como escenario e motor de modelos identitarios diferenciais, cando non abertamente contrapostos.

The aim of this article is to link the representation of Santiago de Compostela with the process of constructing a contemporary Galician identity, privileging the various appearances of this city in poetry. In addition to analysing the role of the city in several books of poems, anthologies and collections, the article focuses on the socio-literary implications of including these texts and poetic fragments as postcards, catalogues or travel guides. In short, this journey, which focuses on the appearances of Santiago in Galician literature's history during the second half of the twentieth century, tries to highlight the city's importance as the scene and motor of different models of identity, although they may not be openly conflicting.

Preto de achegarme aquí¹ ao problema da representación de Santiago de Compostela na poesía galega contemporánea. A palabra *problema* quere subliñar o carácter construído, e mesmo conflitivo, de toda representación, feito do que se deriva unha consecuencia importante: a cidade non é un espazo dado sobre o que se fabula, senón un espazo disputado por distintos axentes que, no curso de loita polo seu dereito a defender unha determinada visión dese espazo, van configurando distintas narrativas, hexemónicas ou subalternas², do lugar.

O proceso de figuración literaria da cidade (vehiculado a través de libros individuais, escolmas de poesía, coleccións de textos e outros proxectos editoriais paraliterarios) veu modelando un imaxinario cultural estreitamente cinguido á cuestión da identidade. Nalgunhas propostas literarias, dende o século XIX até a poesía actual, Santiago chega a operar como metonimia de Galicia, feito que deixa o seu pouso tanto na percepción social da cidade coma na construción dunha identidade nacional galega.

Ao mesmo tempo, transitando un vieiro de reflexión moi frutífero que parte da posibilidade de ler as cidades coma se fosen textos, Compostela tamén pode ser percibida coma un “longo poema dos pasos”, por dicilo na expresión afortunada de Michel de Certeau (1975). Os poemas de Santiago, e Santiago como poema, véñense sumar así a esa encrucillada de historias de fundamento oral e visual que os escritores galegos foron traducindo na súa obra para transmitir e transformar unha herdanza literaria de séculos.

Ideoloxía e distorsión. *O Cancioneiriño Novo de Compostela*

O título deste primeiro epígrafe, tributo a un iluminador ensaio de Francisco Sampedro (1997), pretende incidir na capacidade das escolmas para definir e defender ideas sobre os espazos socioliterarios, mais tamén para xerar unha distancia, e mesmo unha

distorsión, entre os valores orixinariamente sustentados polos autores en determinados poemas e o uso que se lles dá a estes textos nas escolmas.

No que atinxe ao papel das antoloxías na construción do espazo literario compostelán, resulta moi revelador o *Cancioneiriño Novo de Compostela* de Xosé Filgueira Valverde. Antes da guerra de 1936, o etnógrafo elaborara un estudo sobre a presenza de Santiago de Compostela na poesía galega, dende a Idade Media (partindo de trovadores composteláns como Abril Ares, Airas Nunes ou Bernal de Bonaval) até comezos do século XX.

Filgueira chegou a darlle forma antolóxica á súa investigación cando, en 1969, publica o seu *Cancioneiriño Novo de Compostela*, onde debuxa unha determinada imaxe da cidade partindo, precisamente, da ordenación temática e histórica dos poetas elixidos. Todo antólogo é consciente, implícita ou explicitamente, da capacidade da forma antolóxica para xerar modos de ler o espazo literario (tamén urbano, neste caso) e para afirmar a lexitimidade cultural dos valores históricos que referenda.

Na escolma de Filgueira Valverde, privilexiase a dimensión lírica de Compostela a través da repetición de símbolos como as campás ou a lúa, isegorías textuais³ chamadas a afirmar unha determinada imaxe de Santiago e, por extensión, de Galicia. Seccións temáticas como “Historia e lenda”, “O Santo Apóstolo”, “As festas”, “A cidade sagra”, “As campás”, “Noite, chuvia, silencio”, “Pelengriños” ou “Poesía popular” ilustran abondo esta orientación en boa medida folclorizante da identidade galega.

Naquela altura, o discurso galeguista máis integrado non adoptara aínda o criterio de nacionalización lingüística do repertorio literario, de xeito que Filgueira antologa tamén a produción textual compostelá de Gerardo Diego, así como a de Valle-Inclán. Noutro sentido, o antólogo concédelles unha posición de privilexio aos *Seis poemas galegos* de Lorca, que figuran incluídos na súa totalidade e comparecen no mesmo nivel de xerarquía, baixo o epígrafe “A Compostela de Lorca”, ca os títulos antes citados.

Este *Cancioneiriño Novo de Compostela* non pode desvincularse do proxecto cultural do grupo Galaxia, ao que está estreitamente vinculado Filgueira. A defensa do culturalismo na articulación estratéxica dunha identidade galega, definida arredor de determinados riscos *esenciais*, callará nunha ordenación determinada dos materiais poéticos previos.

Así, de Xohana Torres o antólogo escolle o poema “Xácome” do libro *Do sulco* (1957), e ao dispoñelo na sección “Santo Apóstolo” privilexia a lectura relixiosa do texto sobre outras posíbeis. Era primordialmente relixioso o poema “Na Catedral”, de Rosalía de Castro? Diríamos máis ben que ese texto poñía en crise a institución relixiosa, partindo dun emblema arquitectónico que viría representar

o corazón dunha cidade e dun país. Do mesmo xeito, o apóstolo Santiago non é doadamente reducíbel a unha soa significación: guerreiro e santo, vello patrucio sentado e peregrino, *patrón de las Españas* e símbolo dunha Galicia resistente que cada 25 de xullo celebra o Día da Patria Galega.

As reivindicacións sostidas polo poema de Torres non son apagadas nin tan sequera por ese labor de ventriloquia que opera todo antólogo. As antoloxías son sistemas de citas, e nesta longa citación, coma en todas as reparticións de fala, está presente a cuestión do poder e da autoridade sobre os textos. O antólogo, encargado de atribuír a palabra ás *dramatis personae* que despregan as escolmas, tenta facer responsábeis aos autores do proxecto xeral sostido polo libro. Con todo, grazas a esa alternancia entre a transgresión e a liberdade que se dá en todos os pactos

¹ Este traballo constitúe unha reformulación do relatorio inicialmente titulado: “A presenza da cidade nas antoloxías de poesía. A construción antolóxica do espazo compostelán”, presentado no II Seminario Internacional ‘La literatura y la ciudad. Entre Modernidad y Ultramodernidad’, celebrado na Facultade de Letras de Tartu (Estonia) entre os días 9 e 10 de xuño de 2005, baixo a dirección de Iuri Talvet e de Javier Gómez-Montero.

² Empleo o cualificativo de ‘subalternas’ na esteira de Guha (1995), que parte estratéxicamente do uso desprezado do adxectivo para debuxar unha liña de activismo crítico no ámbito dos estudos poscoloniais. Asumir a noción de subalternidade pretende chamar a atención sobre os efectos do dominio e da loita cultural. Fronte a outros termos como o de periferia, vinculado na orixe a un marco tan específico como o da teoría dos polisistemas, o concepto de subalternidade non se sustenta nunha metáfora espacial. Deste xeito, resulta imposible asimilalo a un vector de distribución xeográfica, como adoito se fai co concepto de periferia. Non é a xeografía senón a socioloxía literaria a que debe explicar as relacións de dominio literario.

³ A noción de isegoría, entendida como recorrencia tópica, pode ser moi útil na análise das narrativas nacionais. Leersen (2000) insería as súas reflexións sobre a nación como entidade ambivalente no ámbito disciplinar da imaxoloxía (“image studies”), que considera unha das orientacións posíbeis da literatura comparada polo seu estatuto necesariamente intertextualista, baseado na análise dos lugares comúns que verifican a súa ubicuidade nos discursos repetidos. Segundo Leersen, a vinculación da imaxoloxía coa historia das ideas viría dada polo feito de que, en tanto que ideoloxía, o nacionalismo pode ser analizado á luz das cuestións de imaxinario. A imaxoloxía revelaríase, pois, coma unha área susceptible de vertebrar estudos non locais sobre os estereotipos nacionais e sobre a natureza dialéctica das caracterizacións nacionais, partindo da crenza de que “national characterizations take place in a polarity between Self and Other and [...] the dynamics between ‘auto-image’ and ‘hetero-image’ tends to show invariant dynamics in various different national and cross-cultural confrontations” (Leersen 2000: 271). A “retórica do carácter nacional” aséntase na presenza de “imaxemas” (“national imagemes”) caracterizados por unha polaridade de signo ambivalente. A natureza paradoxal dos “imaxemas” é a causa da súa forza ilocutiva e o factor que garante a súa capacidade de subsistencia e a súa resistencia fronte ao poder subversivo dos contradiscursos.

de lectura, os receptores poden atribuírle ao poema, cando menos potencialmente, novos valores non previstos polo antólogo. Neste caso, Xohana Torres celebra de Santiago —a quen proclama, en epifonema, “Xacobíño ¡galego polos séculos!”— a súa capacidade para afirmar a identidade galega, identificada coa persistencia da palabra e do seu poder fecundante:

*Non durmiron os pregos que saíron da boca:
Eiquí aferrou a verba, eiquí ficache tomba;
tomba que non é tomba senón xerra.*

No que atinxe á representación textual de Uxío Novoneyra, o antólogo privilexia, asemade, o discurso elexíaco, representado nos seguintes versos:

*Pode morrer o home?
Onde está agora Compostela?
Eu non sei pensarte morto.
Abro a fiestra e ollo a serra para ti.*

Os devanditos versos, escolmados do libro *Elexías do Courel* (1966), testemuñan a función de Compostela como referente comunitario, e este papel de símbolo das aspiracións colectivas e de depósito da memoria histórica de Galicia hase ir facendo cada vez máis firme na poesía dos seguintes anos.

É interesante o xeito no que Novoneyra sitúa Compostela no horizonte do pensamento, como lugar posíbel e como contrapunto á paisaxe da serra. Tamén o mundo rural, de tanta presenza —e fondas implicacións estéticas e ideolóxicas— na poesía galega, operará como contrapunto ao espazo compostelán en *Con pólvora e magnolias* (1976) de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Nun dos seus máis coñecidos poemas a tristísima Terra de Bea adquire unha feitura arquitectónica, e o discurso revela, nas súas arquivoltas, a imposibilidade do ollo para describir o lugar natural fóra das coordenadas da invención humana. Así como o mofo enraizaba na pedra da catedral (‘En Compostela pode un home’), a contemplación da terra faise agora dende a perspectiva dun ourive, nunha espléndida proxección da xerarquía violenta entre a natureza e a civilización.

O xiro espacial na poesía galega. A lírica coma un dos lugares da emancipación

Con pólvora e magnolias (1976) inaugurou para a Galicia dos anos setenta a apertura da palabra á utopía moderna da emancipación e a lucidez ante a realidade política da derrota. Ese era tamén o sentido do oxímoro ‘tan perdida e inda nosa’, que encabeza en epíteto os seguintes versos do poema ‘Do Caurel a Compostela’ de Uxío Novoneyra:

*Galicia, tan perdida e inda nosa, será
a miña xeración quen te salve iréin
un día de Caurel a Compostela por terras libradas?*

A Quintana de Rosalía, Pondal e Faraldo volve resoar nas ‘terras libradas’ de Novoneyra e ‘diante da Compostela doutros días’ de Ferrín. Por dicilo en termos historiográficos, estes territorios liberados son unha *longa duración* que seguirá abrindo camiños na poesía galega contemporánea. Nun proceso común ás culturas subalternas, algúns escritores galegos foron contribuíndo coas súas obras a forxar unha alternativa á historia oficial, á realidade da dominación política e aos discursos hexemónicos. E cómpre non esquecer que entre eses discursos hexemónicos, xeradores de ideoloxía, se contan tamén outras propostas literarias que privilexiaron historicamente un enfoque folclórico, cando non decorativo, da cultura galega.

Na poesía máis recente, resulta ben interesante a posición sustentada polo suxeito que fala dende o *Depósito de espantos* (1994) de Manuel Outeiriño, espacial dende o título. No poemario de Outeiriño fanse estratéxicamente compatíbeis a peregrinación (“Esta Roma que movo con Santiago”) coa persistencia do idioma e co silencio, o seu lugar de resonancia.

Altamente estratéxico resulta tamén o argumento poético d’*A vella peneira a noite* (2001), de Xabier Cordal. Vexamos, por exemplo, o arranque do poema longo “unha humilde proposta”:

*Hemos marchar do toural
e da quintana dos mortos
cara a praza do obradoiro.*

A seguir, as estrofas vanse enleando até desembocar no intre en que os corpos que marcharon polas rúas da cidade rompen a cantar o himno de Pondal. O suxeito do poema, que rende tributo á longa tradición lírica do terceto encadeado, agora modulada en metro curto, dálle unha reviravolta irónica á súa dicción, movemento que semella apuntar á necesidade de que os autores sexan conscientes do tempo que habita a súa voz e, en consecuencia, críticos:

—en fin, xa sabedes cómo son

*os poemas tráxicos,
de tanto que medra o coro
acaba por non coller*

unha alma—.

Modos de ordenación do territorio poético. Os catálogos e as guías de viaxes

Como tentei mostrar no epígrafe anterior, falar de construción antolóxica do espazo non implica

unicamente aludir á forma antoloxía, identificada co libro como soporte textual. A propia tradición chega até os poetas baixo a forma antolóxica, mediada por instancias de recepción que transmiten o seu saber dun xeito, por veces, fragmentario e discontinuo.

Por outra banda, estudar o xeito no que as estratexias de selección dirixen a lectura implica recoñecer que a antologación é unha práctica de selección e de catalogación dos textos que transcende claramente a modalidade histórica da publicación colectiva en formato de volume. Neste sentido, as institucións políticas xurdidas ao abeiro do denominado Estado das Autonomías, sensíbeis ao poder simbólico e lexitimador das manifestacións culturais, non permaneceron indiferentes á rendibilidade dos mecanismos de selección textual, nun proceso que cobrará forza a comezos dos anos noventa, coa reactivación estratéxica do Ano Santo Compostelán.

No ámbito da produción cultural, o emprazamento de Santiago de Compostela como enclave privilexiado polos circuitos do turismo estatal e, en menor escala, internacional propiciou a proliferación de iniciativas editoriais onde a descrición da cidade alterna coa elección de textos literarios considerados “representativos” da identidade compostelá. A poesía non opera xa exclusivamente nos horizontes de recepción tradicionais, senón que se asocia a novos soportes, textuais ou multimedia, como as publicacións colectivas asociadas á celebración de eventos, as guías de viaxes, o folleto turístico ou as series de postais.

En todas estas modalidades segue a ser central o papel dos autores como motores da fábrica antolóxica ou, se se prefire, como elementos centrais na organización da produción textual activada por toda escolma de textos.

Este é o caso, por exemplo, da antoloxía *Os pousos da pedra/The Stone Sediments* (2000), na que oito escritores galegos trazan, ao fío dunha serie de fotografías, os seus particulares esbozos da cidade. A escolma foi concibida como presentación da literatura galega e da cidade de Santiago aos participantes no “Encontro Galego no Mundo-Latim em pó”, ao que acudiron escritores de Portugal, Brasil e os PALOP. Deste xeito, a publicación tentaba abrir Compostela ao eixe cultural e lingüístico afrombrasileiro, procurando proxeccións que afianzasen a súa condición de enclave intercultural e queréndose, en paráfrase dunha das cantigas antologadas por Filgueira Valverde (1967: 131), “Santiago de Galicia, espello de Portugal”.

As seguintes palabras de Elías Torres, coordinador do Encontro, vehiculan a idea dunha “enunciación peonil” (Certeau 1975), onde os traxectos textuais conflúen cos paseos pola pedra e as inscricións na pedra deixan sedimentos na lectura:

Tens nas maos, habitante, visitante, oito veces na cidade, passos e pegadas, historias que acabam tatuando os brazos invisíbeis da vida, e o corazón. Os pousos que a pedra deixa e os que nela se gravan. Santiago de Pedra e a pedra de Santiago que marca e onde ficam marcados pedaços da biografía de quem por ela passa. A cada quem a sua memória, seja ela, aquí, de mochilas coloristas na Rua Nova, de passeios sem taxa polas ruas da parte antiga, de amanheceres de estaçom de caminhos de ferro. Textos para quando te habitar a saudade, a calma, ou a imaginaçom.

Noutros casos, as antoloxías que parten da cidade como condición temática non funcionan ao xeito prospectivo, senón retrospectivo. É dicir, os antólogos non lles encargan textos sobre Compostela aos escritores, senón que seleccionan, entre o *corpus* da historia da literatura galega, aqueles textos que, baixo a súa perspectiva, configuran unha determinada idea da cidade.

Neste sentido, o Concello de Santiago editou unha escolma titulada *Santiago de Compostela* (2004) con textos procedentes, maioritariamente, de novelas, crónicas e libros de poemas. O interesante é que esta mostra opera con fragmentos, e non con versións íntegras. Este xeito de proceder, relativamente xustificábel no que atinxe á antologación de obras cuxa extensión impediría unha reprodución literal, adquire resonancias específicas en casos nos que a repetición do texto orixinal non supoñería unha modificación substancial na extensión do volume. Por aducir un só exemplo, este é o tipo de fragmentación que afecta ao primeiro poema de *Con pólvora e magnolias*, de onde é mutilada a estrofa final. Calquera manipulación textual, incluída a supresión, supón unha alteración de sentido do fragmento que sobrevive ao proceso. Neste caso, a eliminación dos derradeiros versos supón a conversión dun texto explicitamente político nun texto elexíaco. A proclamación da derrota vira, desafortunadamente, en lamento decadentista.

Cavilemos, noutra banda, no xénero da guía de viaxe, non sempre suficientemente atendido pero de innegábel eficacia na transmisión e na creación de modelos de identidade. Significativamente, as guías adoitan recorrer a distintos marcadores para realzar as alusións, no corpo do texto, a escritores ou feitos literarios que se consideran relevantes para a constitución argumental da materia descrita. Unha vez máis, a literatura convértese nun poderoso mecanismo para reforzar a construción dos lugares e a súa lexitimación como emblemas. No caso de Santiago, guías como *Terra de Santiago* (Xosé Luís Laredo Verdejo, 1997), editada na colección ‘Galicia Enteira’, ou *Descubre Compostela en 7 días* (Yolanda Ferro Vázquez, Alexandra Cabana Otero, Andrea

Martínez Gómez, 2000) resultan paradigmáticas deste compromiso entre o paseo real e o paseo imaxinario. Estas guías, elaboradas dende distintos presupostos e para horizontes temporais moi diverxentes, conflúen no propósito de ofrecerem percorridos pola cidade e polos seus arredores, que son, ao mesmo tempo, xeitos de ler o espazo urbano. Nos dous casos, os textos literarios operan como contrapunto e ilustración destes paseos. A escrita opera así determinados cortes sobre a cidade, instaurando divisións e xerarquías que, coma en todas as escolmas, ben poderían ser outras⁴.

Imaxes da cidade: usos da poesía na tarxeta postal

A colaboración entre a Concellaría de Cultura do Concello de Santiago e a Asociación de Escritores en Lingua Galega deu lugar, nestes últimos anos, a distintas iniciativas que amosan a estreita aliaxe entre os procesos de selección textual e a construción dunha imaxe sobre Compostela. Nun intento por lles xerar novas formas de presentación da realidade urbana aos visitantes e, simultaneamente, de fortalecer a presenza dos poetas como instrumento de lexitimación dunha identidade galega vehiculada en lingua galega, veuse impulsando unha colección de series de postais arredor de diferentes motivos da cidade.

Heime deter minimamente aquí na serie “As claves de Compostela”, unha escolma de poemas en soporte de tarxeta postal e en edición bilingüe galego-inglés. Na serie son representadas as voces de vinte escritores galegos, dende a Idade Media até o Rexurdimento, pasando pola xeración Nós e chegando até a literatura contemporánea. No seguinte parágrafo, repetido ao pé do reverso de todas as postais, é doadamente apreciábel a vontade política de nacionalizar un repertorio literario por medio da conversión da cidade en símbolo histórico da colectividade:

As claves de Compostela é unha acción postal promovida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Concellaría de Cultura de Santiago de Compostela que reflicte a vizosa relación da literatura galega coa capital da Galiza, un antigo reino atlántico no que viven case tres millóns de galegos.

Este programa contrasta con outras iniciativas, de signo máis comercial e vinculadas a canles de difusión masivas, nas que se fai un uso dos poemas como pés de foto. É o caso das postais que, baixo o xenérico título “Compostela”, e a partir de fotografías de Xan G. Muras, presentan estampas arquetípicas da cidade acompañadas de textos de autores canónicos

aos que, en ocasións, por medio do procedemento da fragmentación e da cita, se lles fai dicir o que orixinalmente non dicían. A descontextualización e a recontextualización, dous dos mecanismos máis produtivos da forma antolóxica, propician sutís aliaxes entre a palabra e a imaxe, ao servizo da representación de determinadas ideas sobre a identidade compostelá e, por extensión, galega. Neste caso, tanto no plano fotográfico coma no literario, a serie tende a subliñar unha concepción esencialista da identidade galega, presidida por trazos coma o lirismo ou a saudade. Estas series demostran a rendibilidade (esta vez máis material ca simbólica, aínda que os dous planos non sexan necesariamente incompatíbeis) da cultura entendida como soporte e pretexto, nun sentido por veces moi literal, do turismo contemporáneo.

A colección de textos: o caso de ‘Poeta en Compostela’

Dende finais do ano 2004 e até o ano 2006, a colaboración entre a Concellaría de Cultura do Concello de Santiago e a Asociación de Escritores en Lingua Galega deu lugar a outra iniciativa que mostra a produtividade dos nós entre a representación da cidade e a selección de poesía. En colaboración co xornal *El Correo Gallego*, as dúas entidades activaron unha colección que pretendía divulgar a poesía galega recente por medio da publicación mensual de libros de poemas. O primeiro xoves de cada mes o xornal agasallaba os seus lectores cun poemario desta serie, titulada ‘Poeta en Compostela’. A colección ofrece reedicións de libros sobre Santiago (*Poemas de Compostela*, de Manuel María, ou *Crear o mar en Compostela*, de Marta Dacosta, por citar unicamente dous) e orixinais de poetas vinculados a Santiago polo seu nacemento ou pola súa presenza na vida profesional e cultural da cidade.

Entre estes últimos, heime deter en *berlín*, de María Lado (2005), concibido coma un itinerario onde comparece, outra volta, *o longo poema dos pasos* do que falaba Certeau. O protagonista do libro é Berlín, á vez topónimo e antropónimo, cidade e amante. A voz fai posíbel que o amor ao lugar e á persoa conflúan naturalmente na apelación a ese ti que, coma sempre na poesía, vén sendo unha presenza e unha ausencia, unha persoa e un espectro, ninguén e toda a xente.

Dende o punto de vista da representación da cidade, Lado ofrece unha articulación deliberadamente fragmentaria, onde a redución temporal é solidaria cunha visión descentrada do espazo urbano. Significativamente, os lugares aos que se lles concede unha maior relevancia son os xeralmente desatendidos polas guías turísticas. Nunha concepción minimalista, característica dunha das orientacións máis

visíbeis na poesía dos anos noventa, as cafeterías, os cines e os lugares de paso son agora os espazos privi-lexiados pola palabra poética, e os lugares grandes son rexeitados por esdrúxulos:

*as avenidas teñen nomes demasiado longos para ser recordados.
o mesmo ocorre coas rúas do centro.
son palabras difíciles, esdrúxulas.
nin se parecen nada a arriba bico amor
nin dan para facer unha verdadeira cidade.*

A poeta dedícalles un poema a cada un dos lugares elixidos (museo de arte contemporánea, toural, atlántico, rhin, vilar, bonaval, oliveira, abril ares, alameda, abastos, cine avenida) e marca tipograficamente os seus nomes en negra e en cursiva. Deste xeito, empraza ao seu destinatario, Berlín, e ao lector, os dous xa confundidos, a pasear con ela pola cidade e polo libro. Enunciación e enunciado, lugar representado e lugar da representación viran, deste xeito, anoados na figura da metalepse, aducida por Genette como procedemento da metaficción narrativa. En realidade, a metalepse é un figura que permite dar conta asemade dalgúns efectos que comparecen na poesía contemporánea, que noutro tempo algúns chamaron ‘posmoderna’, onde a éxtase lírica é substituída pola circunstanciación narrativa, por aquilo que Certeau denominara “figuras da camiñada”.

O horizonte do poema e o branco da páxina expándense co obxectivo de propiciar un traxecto de longo percorrido por unha cidade de palabras. O horizonte que debe considerarse é agora, outra volta, o libro de poemas na súa unidade fractal, convertido nunha topoloxía urbana, nun eixe antolóxico que selecciona e fragmenta o espazo compostelán de acordo cunha determinada concepción da cidade e do mundo, unha concepción que renuncia ás palabras esdrúxulas, ás maiúsculas e á puntuación convencional como xeito de pautar un determinado traxecto vital e poético.

María Lado xa dera voz no seu anterior libro de poemas, *casa atlántica, casa cabaret* (2001), a unha xeración de estudantes galegos non composteláns. A autora convertérase en portavoz desa peregrinación interna polas mudanzas de alugamento, que deseñan outra Compostela tan recoñecíbel para os seus habitantes como descoñecida para os turistas e viaxeiros de ocasión. É o Santiago das pancartas, adhesivos e manifestacións, o Santiago do Campus Norte e do Campus Sur, o das reivindicacións do estudanteo e o das saídas nocturnas. Un Santiago que supón, en moitos casos, unha iniciación á vida literaria e política e, na formulación de María Lado, tamén unha educación sentimental, non exenta de nostalgia. Véxase, por acaso, o final do seguinte poe-

ma, onde o pasado familiar é evocado por medio da descrición dunha fotografía pendurada da parede dun piso:

*será porque doen os contornos das cousas que se
quixeron
papá ¿tírasme unha foto?
e vén e tirouma e agora a nosa victoria son dúas fotos
resistindo entre os nosos crimes escritos na parede
sen sol
santiago inxusto sempre cuberto*

Intervencións no corpo da cidade. As escolmas do movemento Nunca Máis.

Un ano despois da publicación de *casa atlántica, casa cabaré* (2001), de María Lado, o movemento Nunca Máis —do que a autora, como membro da Plataforma Burla Negra, foi unha destacada activista— abeirou unha vaga de escolmas que se viñeron sumar ás accións colectivas xurdidas como contestación á xestión política da crise xurdida tras o afundimento do *Prestige*.

Entre estas publicacións cóntanse *Botella ao mar*, promovida pola Asociación Galega de Artistas Visuais; *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*, editada por Espiral Maior e Edicións Xerais de Galicia; *Alma de beiramar*, coordinada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega; ou *Sempre mar*, da Asociación Cultural Benito Soto. Outras mostras xurdiron dende fóra de Galicia, nomeadamente dende os Países Catalans, onde se artellaron fronte moi activas de protesta civil. Tal é o caso de *Nunca Máis/Mai Més. Els escriptors contra el silenci*, coordinada polo valenciano Xulio Ricardo Trigo (2003) ou *Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent*, promovida pola Asociación Nunca Máis de Cataluña (2003).

Todas estas escolmas ilustran a proclividade das formas de compilación para satisfacer as demandas inmediatas de intervención artística colectiva ante feitos puntuais. Neste tipo de espazos textuais, a individualidade dos autores é suspendida en favor da construción dun macroacto de fala colectivo, alentado pola confianza na posibilidade de vincular os compromisos poético e político.

⁴ Na segunda das guías citadas, o lector é convidado a recoñecer e a transitar sete dimensións de Compostela: a cidade histórica, a cidade levítica, a cidade universitaria, a cidade turística, a cidade de servizos, a cidade vivida e mais a cidade futura ou o proxecto de cidade. Igual que ante as voces excluídas das antoloxías, comparecen aquí, en negativo, as cidades que se deixaron fóra ou as que poderían caber e non chegaron a formar parte desta nómina.

Nalgunhas destas antoloxías, a aliaxe coas artes plásticas funcionou coma un xeito de garantir a súa forza testemuñal, ao se basear primariamente, máis ca nos poemas, no carácter déctico dos elementos visuais (*Botella ao mar, Sempre mar, Nunca Máis. Si tots nosaltres som la mirada i el vent*). En último termo, a poesía emprendía unha tentativa de retornar ao seu primixenio papel bárdico, inseríndose no espazo social sen a interposición visíbel dos axentes institucionais do espazo literario. Claro que, deixando á marxe o que de eticamente meritório houberse nesta e noutras accións culturais, o voluntarismo, no campo literario, non adoita contraer unha relación directamente proporcional co potencial de canonización.

En moitos dos poemas recollidos nestas antoloxías, o espazo compostelán volveuse converter nunha metonimia de Galicia, ao abeiro da importancia que para Nunca Máis tivo a multitudinaria manifestación do 1 de decembro de 2003 en Compostela. Axitado pola urxencia de novas demandas históricas, o Santiago de comezos de milenio converteuse outra volta en escenario das reivindicacións e intervencións dos cidadáns no espazo urbano, e moitos dos poetas escolmados non quixeron ignorar o significado poético deste feito.

Con todo, pasados xa algúns anos, e retomando o sentido crítico que quería ser divisa desta achega ás interaccións entre poesía e cidade, semella chegado o tempo de avaliar se o movemento se achegou máis á

‘lapa lene’ que Xosé Luís Méndez Ferrín acendera no primeiro poema de *Con pólvora e magnolias* ou á derrota que, en advertencia dirixida por un individuo á comunidade por vir, pecha ese mesmo canto.

Últimas variacións sobre a cidade e unha pregunta máis

Santiago de Compostela, de nome e corpo composto, de fisionomía urbana e literaria simultaneamente centrada e suburbial, veu funcionando coma un dos *topos* máis produtivos da poesía galega contemporánea. Ao mesmo tempo, os complexos mecanismos de selección e catalogación da memoria histórica instaurados polo proceso antolóxico contribuíron a construír para os lectores, que son sempre viaxeiros, un lugar de palabras e silencios e, coma todos os espazos en construción —é dicir, en conflito—, ategado tamén de resonancias e de rúidos.

Por avanzar unha última cuestión, e sen a pretensión de contestala aquí e agora, pero guiada tamén polo compromiso de retomala nalgún outro lugar, quixera preguntar onde están os poetas que, no tempo presente, derruban ou deconstrúen nos seus versos ese espazo problemático da Compostela actual que a política institucional deu en chamar, con máis perversidade que candor, ‘cidade da cultura’ ■

Referencias bibliográficas

- Certeau, Michel de** (1975). *L'Invention du quotidien*. Paris: Inédit.
- Cordal Fustes, Xabier** (2001). *A vella peneira a noite*. A Coruña: Baía Edicións.
- Filgueira Valverde, Xosé ed.** (1969). *Cancioneiriño Novo de Compostela*. Vigo: Castrelos.
- Guha, Rajanit** (1995). *Subaltern Studies: Writings on South Asian History and Society*. Oxford: Oxford University Press.
- Lado, María** (2001). *casa atlántica, casa cabaret*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Lado, María** (2005). *berlín*. Santiago de Compostela: El Correo Gallego/Concello de Santiago/AELG. Col. 'Poeta en Compostela'.
- Leersen, Joep** (2000). *The Rhetoric of National Character: A Programmatic Survey*. *Poetics Today* 21/1: 267-292.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís** (1976). *Con pólvora e magnolias*. Vigo: Linotipias Marín.
- Novoneyra, Uxío** (1988). *Do Courel a Compostela*. Barcelona: Sotelo-Blanco.
- Outeiriño, Manuel** (1994). *Depósito de espantos*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Sampedro, Francisco** (1997). *Ideoloxía e distorsión. Ensaio sobre o imaxinario ideolóxico*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.